

3.1.

comunidade autónoma

O **presuposto consolidado** da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006 ascendeu a 9.911,7 millóns de euros, un 9% (821,4 millóns de euros) máis que os aprobados no exercicio anterior, o que representa o 20,4% do PIB galego a prezos de mercado (prezos correntes) e supón 3.591 euros/habitante.

No ámbito dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia figura por primeira vez, entre os seus entes públicos a Axencia para a xestión integrada, calidade e avaliación da Formación profesional. Asemade, entre as novidades máis destacables no que a súa estrutura se refire, cómpre salientar que a CRTVG pasa a depender de Presidencia.

No último ano reduciuse lixeiramente a capacidade de autofinanciamento da Comunidade Autónoma, que acada o 43,7% do total dos seus ingresos non financeiros. Entre os recursos propios, que medran un 8,1% respecto aos presupostos do ano anterior, os ingresos tributarios o fixeron nun 9,6%. Entre os recursos transferidos, que se incrementaron un 9,7%, os procedentes do Estado o fixeron nun 10,4% e os procedentes da UE, un 3,3%.

En 2006, o 72,8% do endebedamento bruto aplícanse á amortización da débeda. No ano precedente, aplicábase á devandita amortización o 75%.

A conta financeira

A forma en que se interrelacionan as grandes magnitudes que interveñen na composición dos presupostos, queda reflectida na conta financeira. A estimación dos ingresos por operacións correntes no exercicio 2006 sitúase en 8.499,5 millóns de euros, cunha variación respecto ao exercicio precedente do 10,2%, mentres que a estimación dos gastos correntes ascendeu a 6.974,8 millóns de euros, o que supón unha variación do 9,6% respecto ao ano anterior. Como reflecte o **cadro 3.1.2.**, o aforro estimado por operacións correntes situase nos 1.524,7 millóns de euros, o que supón un 13% de incremento respecto ao exercicio de 2005.

No concernente ás operacións de capital, os gastos por operacións non financeiras de capital acadaron os 2.451,1 millóns de euros, un 10,5% superior ao ano anterior, equivalente ao 4,7% do PIB galego a prezos de mercado, prezos correntes (fonte: IGE). Tendo en conta que os ingresos por operacións de capital ascenderon un 4,4% respecto aos presupostos de 2005, ata os 897,5 millóns de euros, o déficit por operacións de capital ascendeu a 1.553,6 millóns de euros, o que representa un 14,3% de incremento sobre o exercicio anterior.

No que atinxe ás operacións financeiras, o gasto en atencións financeiras acadou os 507,1 millóns de euros e os recursos financeiros a 514,7 millóns de euros.

Ambito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 2006

| Administración Xeral | Administración Institucional | | | Sociedades Públicas | Sociedades mercantís |
|---|--|---------------------------------------|---|---------------------|---|
| | Organismos Autónomos | Entes públicos | Entes públicos | | |
| Seccións | Administrativos | Comerciais, industriais e financeiros | Entes públicos | Entes públicos | Sociedades Públicas |
| Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega Presidencia da Xunta | | | CRTVG | | TVG.S.A. RTVG, S.A. RETEGAL S.A. |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Presidencia Admóns. Públicas e Xustiza | SGPIHM EGAP CEXSPG | | | | |
| Economía e Facenda | IGE Tribunal Defensa da Competencia | | CES IGAPE CIXTEC | | CEEI Galicia, S.A SODIGA SPI Galicia S.A XES Galicia S.A S.P. Autoestrada A de S. Dom-Ourense S.A. |
| Política Territorial, O.P. e Transporte Educación e Ord. Universitaria Innovación e Industria | IGC | | Portos de Galicia A.X. Int. Cal. F.P. Instituto Enerxético de Galicia | | Galicia Calidade, S.A. S.A. Centro Supercomputación de Galicia S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T.-Galicia S.A |
| Medio Rural | | FOGGA | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | | S.A. Desenvolvemento Comarcal Xenética Fontao, S.A. |
| Cultura e Deporte Sanidade | SERGAS | IGAEM | F. Cidade da Cultura de Galicia Hospital de Verín I.G. Oftalmoloxía Hospital Virxe da Xunqueira Hospital A Barbanza Escola Galega de Admón. Sanitaria F.P.G.I. Saúde F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P. H.C. Do Salmés F.P.C. Transfusión F.P. De Medicina Xenómica | | Medtec, S.A. |
| Pesca e Asuntos Marítimos Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Traballo Vivenda e Solo | Augas de Galicia | IGVS | Inst.Tec.Control Medio Mariño Obas e Servizios Hidráulicos | | Sogama, S.A. Xestur Coruña S.A. Xestur Lugo S.A. Xestur Ourense S.A. Xestur Pontevedra S.A. |
| Consello Consultivo de Galicia Transferencias a CC.LL. Débeda Pública Gastos diversas Consellerías | | | | | |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.1.

Conta financeira da Comunidade Autónoma 2005-06

| | 2005 | 2006 | 06/05 | |
|--|------------------------|-----------|------------|-------|
| | <i>(en miles de €)</i> | | <i>(%)</i> | |
| 1 Operacións correntes | | | | |
| Ingresos | 7.714.497 | 8.499.528 | 785.031 | 10,2 |
| Impostos directos | 977.438 | 1.074.777 | 97.339 | 10,0 |
| Impostos indirectos | 2.189.649 | 2.412.680 | 223.031 | 10,2 |
| Taxas, Prezos públicos e outros ingresos | 239.335 | 246.430 | 7.095 | 3,0 |
| Transferencias correntes | 4.296.183 | 4.752.160 | 455.977 | 10,6 |
| Ingresos patrimoniais | 11.892 | 13.481 | 1.589 | 13,4 |
| Gastos | 6.364.775 | 6.974.817 | 610.042 | 9,6 |
| Gastos de persoal | 2.724.915 | 2.931.806 | 206.891 | 7,6 |
| Gastos en bens correntes e servizos | 995.159 | 1.167.521 | 172.362 | 17,3 |
| Gastos financeiros | 138.941 | 142.429 | 3.488 | 2,5 |
| Transferencias correntes | 2.454.851 | 2.675.380 | 220.529 | 9,0 |
| Fondo de continxencia | 50.909 | 57.681 | | |
| Aforro por operacións correntes | 1.349.722 | 1.524.711 | 174.989 | 13,0 |
| 2 Operacións de capital | | | | |
| Ingresos | 859.334 | 897.465 | 38.131 | 4,4 |
| Alleamento de investimentos reais | 73.088 | 72.404 | -684 | -0,9 |
| Transferencias de capital | 786.246 | 825.061 | 38.815 | 4,9 |
| Gastos | 2.218.497 | 2.451.078 | 232.581 | 10,5 |
| Investimentos reais | 1.107.640 | 1.206.576 | 98.936 | 8,9 |
| Transferencias de capital | 1.110.857 | 1.244.502 | 133.645 | 12,0 |
| Deficit por operacións de capital | 1.359.163 | 1.553.613 | 194.450 | 14,3 |
| Necesidades de financiamento | -9.441 | -28.902 | -19.461 | 206,1 |
| 3 Operacións financeiras | | | | |
| Recursos financeiros | 516.496 | 514.733 | -1.763 | -0,3 |
| Activos financeiros | 665 | 665 | 0 | 0,0 |
| Pasivos financeiros | 515.831 | 514.068 | -1.763 | -0,3 |
| Atencións financeiras | 507.055 | 485.831 | -21.224 | -4,2 |
| Activos financeiros | 120.524 | 111.763 | -8.761 | -7,3 |
| Pasivos financeiros | 386.531 | 374.068 | -12.463 | -3,2 |
| Financiamento | -9.441 | -28.902 | -19.461 | 206,1 |
| 4 Endebedamento neto | | | | |
| Endebedamento bruto | 515.831 | 514.068 | -1.763 | -0,3 |
| Amortizacións | 386.531 | 374.068 | -12.463 | -3,2 |
| Endebedamento neto | -129.300 | -140.000 | -10.700 | 8,3 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.1.2.

Os presupostos estimaban que a situación inicial de necesidade de financiamento se triplificaría, cifrándoa en 28,7 millóns de euros. O endebedamento bruto ascendeu a 514,1 millóns de euros (515,8 millóns de euros no ano anterior) aplicándose o 72,8% á amortización da débeda (o 74,9% en 2005).

A cobertura das operacións de capital polo aforro neto, segundo a ratio: “(aforro por operacións correntes-endebedamento neto)/gastos por operacións de capital”, foi en 2006 do 56,5%, punto e medio máis que no exercicio de 2005.

A carga financeira da débeda pública nos orzamentos de 2006 situouse en 514,7 millóns de euros, dos que 140,6 millóns de euros corresponden a gastos financeiros e 374,1 millóns de euros a amortización da débeda. Esta carga supuxo o 6,1% dos ingresos correntes presupostados, reducíndose nun 1,7% (9,0 millóns de euros) respecto do ano anterior.

○ orzamento consolidado

O orzamento consolidado previsto para o exercicio 2006, unha vez deducidas as transferencias internas (3.108,7 millóns de euros) ascendeu a 9.911,7 millóns de euros, cun incremento dun 9% (821,4 millóns de euros) sobre os orzamentos estimados inicialmente do ano anterior.

O 43,7% dos ingresos (4.334,5 millóns de euros) corresponden aos recursos propios, que medraron un 8,1% respecto ao ano anterior. Entre estes recursos, os ingresos tributarios medraron un 9,6% para situarse nos 3.733,9 millóns de euros, o que representa o 37,7% dos ingresos totais. No que os recursos transferidos (o 56,3% dos ingresos), os recursos procedentes do Estado, tras unha medra do 10,4%, acadaron os 4.984,5 millóns de euros (o 50,3% dos ingresos),

Orzamento consolidado 2005-06

| Ingresos | | | | | |
|---|------------------------|--------------------|------------------------|--------------------|--------------|
| | 2005 | | 2006 | | 06/05 |
| | <i>(en miles de €)</i> | <i>(% / total)</i> | <i>(en miles de €)</i> | <i>(% / total)</i> | <i>(%)</i> |
| Recursos propios | 4.007.897 | 44,1 | 4.334.504 | 43,7 | 8,1 |
| Ingresos tributarios | 3.406.421 | 37,5 | 3.733.886 | 37,7 | 9,6 |
| Ingresos patrimoniais | 84.980 | 0,9 | 85.885 | 0,9 | 1,1 |
| Ingresos financeiros | 516.496 | 5,7 | 514.733 | 5,2 | -0,3 |
| Recursos transferidos | 5.082.429 | 55,9 | 5.577.222 | 56,3 | 9,7 |
| Do Estado | 4.516.786 | 49,7 | 4.984.463 | 50,3 | 10,4 |
| Da Unión Europea | 562.518 | 6,2 | 581.003 | 5,9 | 3,3 |
| Outros | 3.125 | 0,0 | 11.755 | 0,1 | 276,2 |
| Total | 9.090.325 | 100 | 9.911.727 | 100 | 9,0 |
| Gastos | | | | | |
| | 2005 | | 2006 | | 06/05 |
| | <i>(en miles de €)</i> | <i>(% / total)</i> | <i>(en miles de €)</i> | <i>(% / total)</i> | <i>(%)</i> |
| Xestión directa | 5.528.714 | 60,8 | 5.991.845 | 60,5 | 8,4 |
| Gastos de persoal | 2.724.911 | 30,0 | 2.931.807 | 29,6 | 7,6 |
| Gastos de funcionamento | 1.046.227 | 11,5 | 1.225.202 | 12,4 | 17,1 |
| Gastos financeiros | 645.496 | 7,1 | 628.260 | 6,3 | -2,7 |
| Investimentos | 1.112.080 | 12,2 | 1.206.576 | 12,2 | 8,5 |
| Transferencias ao sector público | 1.773.936 | 19,5 | 1.972.302 | 19,9 | 11,2 |
| A Corporacións Locais | 973.604 | 10,7 | 1.071.465 | 10,8 | 10,1 |
| Outros | 16.130 | 0,2 | 17.732 | 0,2 | 9,9 |
| A Sociedades Públicas da C.A. | 784.203 | 8,6 | 883.105 | 8,9 | 12,6 |
| Transferencias ao sector privado | 1.787.675 | 19,7 | 1.947.580 | 19,6 | 8,9 |
| Familias e ent. sen ánimo de lucro | 1.242.479 | 13,7 | 1.347.642 | 13,6 | 8,5 |
| Empresas | 545.196 | 6,0 | 599.938 | 6,1 | 10,0 |
| Total | 9.090.325 | 100 | 9.911.727 | 100 | 9,0 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.1.3.

mentres que os recursos procedentes da UE acadaron unha contía de 581,0 millóns de euros (o 5,9% dos ingresos).

No que atinxe á distribución económica, **cadro 3.1.4.**, os ingresos por operacións correntes experimentaron un incremento de 785,0 millóns de euros, un 10,2% superior ao exercicio anterior, para situarse nos 8.499,5 millóns de euros. Este crecemento veu impulsado polo comportamento dos ingresos de carácter tributario (impostos directos e indirectos), que medraron un 10,6%, e das transferencias correntes, que o fixeron nun 10,6%. O Fondo de Suficiencia crece un 8,3% e as subvencións finalistas procedentes dos orzamentos do Estado, un 12,3%.

Os ingresos totais das operacións de capital (1.412,2 millóns de euros) incrementáronse respecto ao presupostado no ano precedente un total de 36,4 millóns de euros, un 2,6% máis que no ano anterior. Tras o forte incremento experimentado polos ingresos financeiros no exercicio 2005 por mor da autorización de endebedamento autorizado para as medidas dirixidas a impulsar os sectores económicos máis afectados polo accidente do Prestige, estes descendieron lixeiramente no ano 2006. Pola contra, os ingresos de capital non financeiro experimentaron un crecemento do 4,4%, mentres que o conxunto de ingresos de carácter non financeiro, o fixeron nun 9,6%.

Polo lado dos gastos, un 60,5% do presuposto corresponde á xestión directa do mesmo, onde os gastos de persoal, que ascenderon a 2.931,8 millóns de euros, representan o 29,6% dos gastos totais, e os investimentos, cun importe de 1.206,6 millóns de euros, o 12,2% dos gastos. As transferencias ao sector privado, tras unha medra do 8,9%, acadan un total de 1.947,6 millóns de euros (o 19,6% do gasto) e as transferencias ao sector público, tras medrar un 11,2%, situáronse nos 1.972,3 millóns de euros (o 19,9% do presuposto consolidado).

Os gastos por operacións correntes acadaron os 6.974,8 millóns de euros, un 9,6% (610,0

Presuposto consolidado da Comunidade Autónoma 2005-06: distribución económica

| Ingresos | | | | | | |
|--|------------------|------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | 2005 | 2006 | 2005 | 2006 | 06/05 | |
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en miles de €) | | (%) | | (%) | |
| I Impostos directos | 977.438 | 1.074.777 | 10,8 | 10,8 | 97.339 | 10,0 |
| II Imposto indirectos | 2.189.649 | 2.412.680 | 24,1 | 24,3 | 223.031 | 10,2 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 239.335 | 246.430 | 2,6 | 2,5 | 7.095 | 3,0 |
| IV Transferencias correntes | 4.296.183 | 4.752.160 | 47,3 | 47,9 | 455.977 | 10,6 |
| V Ingresos patrimoniais | 11.892 | 13.481 | 0,1 | 0,1 | 1.589 | 13,4 |
| Total operación correntes | 7.714.497 | 8.499.528 | 84,9 | 85,8 | 785.031 | 10,2 |
| VI Alleamento de investimentos reais | 73.088 | 72.404 | 0,8 | 0,7 | -684 | -0,9 |
| VII Transferencias de capital | 786.246 | 825.061 | 8,6 | 8,3 | 38.815 | 4,9 |
| Total operacións non financeiras de capital | 859.334 | 897.465 | 9,5 | 9,1 | 38.131 | 4,4 |
| Total Ingresos non financeiros | 8.573.831 | 9.396.993 | 94,3 | 94,8 | 823.162 | 9,6 |
| VIII Activos financeiros | 665 | 665 | 0,0 | 0,0 | 0 | 0,0 |
| IX Pasivos financeiros | 515.831 | 514.068 | 5,7 | 5,2 | -1.763 | -0,3 |
| Total Ingresos Financeiros | 516.496 | 514.733 | 5,7 | 5,2 | -1.763 | -0,3 |
| Total Operacións de Capital | 1.375.830 | 1.412.198 | 15,1 | 14,2 | 36.368 | 2,6 |
| Total | 9.090.327 | 9.911.726 | 100 | 100 | 821.399 | 9,0 |

| Gastos | | | | | | |
|--|------------------|------------------|----------------|-------------|----------------|-------------|
| | 2005 | 2006 | 2005 | 2006 | 06/05 | |
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en miles de €) | | (%) | | (%) | |
| I Gastos de persoal | 2.724.915 | 2.931.806 | 30,0 | 29,6 | 206.891 | 7,6 |
| II Gastos en bens correntes e servizos | 995.159 | 1.167.521 | 10,9 | 11,8 | 172.362 | 17,3 |
| III Gastos financeiros | 138.941 | 142.429 | 1,5 | 1,4 | 3.488 | 2,5 |
| IV Transferencias correntes | 2.454.851 | 2.675.380 | 27,0 | 27,0 | 220.529 | 9,0 |
| V Fondo de continxencia | 50.909 | 57.681 | | | | |
| Total operación correntes | 6.364.775 | 6.974.817 | 70,0 | 70,4 | 610.042 | 9,6 |
| VI Investimentos reais | 1.107.640 | 1.206.576 | 12,2 | 12,2 | 98.936 | 8,9 |
| VII Transferencias de capital | 1.110.857 | 1.244.502 | 12,2 | 12,6 | 133.645 | 12,0 |
| Total operacións non financeiras de capital | 2.218.497 | 2.451.078 | 24,4 | 24,7 | 232.581 | 10,5 |
| Total Gastos non Financeiros | 8.583.272 | 9.425.895 | 94,4 | 95,1 | 842.623 | 9,8 |
| VIII Activos financeiros | 120.524 | 111.763 | 1,3 | 1,1 | -8.761 | -7,3 |
| IX Pasivos financeiros | 386.531 | 374.068 | 4,3 | 3,8 | -12.463 | -3,2 |
| Total operacións financeiras de capital | 507.055 | 485.831 | 5,6 | 4,9 | -21.224 | -4,2 |
| Total Gastos Financeiros | 507.055 | 485.831 | 5,6 | 4,9 | -21.224 | -4,2 |
| Total Operacións de Capital | 2.725.552 | 2.936.909 | 30,0 | 29,6 | 211.357 | 7,8 |
| Total | 9.090.327 | 9.911.726 | 100 | 100 | 821.399 | 9,0 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.4.

millóns de euros) máis que no estimado nos presupostos de 2005. As transferencias correntes experimentan un crecemento do 9% (220,5 millóns de euros) e acadan os 2.675,4 millóns de euros.

No que atinxe aos gastos non financeiros de capital, 2.451,1 millóns de euros, estes aumentan respecto aos presupostos anteriores, un 10,5% (232,6 millóns de euros). Os investimentos reais creceron un 8,9% (98,9 millóns de euros) ata acadar os 1.206,6 millóns de euros, e as transferencias de capital o fixeron nun 12% (133,6 millóns de euros), acadando os 1.244,5 millóns de euros.

Dende o punto de vista da súa distribución funcional, **cadro 3.1.5.**, a parte máis importante do orzamento consolidado correspondeu á produción de bens públicos de carácter social, ao acoller o 60% do presuposto consolidado. Dentro destes bens públicos de carácter social, salientan a sanidade e a educación, que supoñen o 31,9% (3.157,1 millóns de euros) e 20,2% (2.001,4 millóns de euros) do presuposto, respectivamente.

En relación ao presupostado no exercicio anterior, todos os grupos funcionais, agás os da

| <i>Presuposto consolidado de gastos da C.A. 2005-06: distribución funcional</i> | | | | | | |
|---|------------------------|------------------|----------------|------------|----------------|------------|
| Funcións | 2005 | 2006 | 06/05 | | Valor relativo | |
| | | | importe | (%) | 2005 | 2006 |
| | <i>(en miles de €)</i> | | | | | |
| 1 Servizos de carácter xeral | 203.299 | 221.317 | 27.229 | 13,4 | 2,2 | 2,2 |
| 11 Alta dirección da Com. Autónoma | 35.366 | 38.931 | 3.565 | 10,1 | 0,4 | 0,4 |
| 12 Administración Xeral | 158.722 | 182.387 | 23.665 | 14,9 | 1,7 | 1,8 |
| 13 Administración electoral e partidos políticos | 9.211 | - | -9.211 | | 0,1 | 0,0 |
| 2 Seguridade, protección e promoción social | 610.924 | 687.550 | 76.626 | 12,5 | 6,7 | 6,9 |
| 21 Seguridade Social e protec. Social | 362.357 | 392.936 | 30.579 | 8,4 | 4,0 | 4,0 |
| 23 Protección civil e seguridade | 13.280 | 14.910 | 1.629 | 12,3 | 0,1 | 0,2 |
| 24 Promoción do emprego | 235.287 | 279.705 | 44.418 | 18,9 | 2,6 | 2,8 |
| 3 Produción de bens públicos de carácter social | 5.395.747 | 5.899.133 | 503.386 | 9,3 | 59,4 | 59,5 |
| 31 Sanidade | 2.826.988 | 3.157.137 | 330.149 | 11,7 | 31,1 | 31,9 |
| 32 Educación | 1.840.138 | 2.001.385 | 161.246 | 8,8 | 20,2 | 20,2 |
| 33 Vivenda e urbanismo | 199.634 | 228.668 | 29.033 | 14,5 | 2,2 | 2,3 |
| 34 Políticas ambientais | 195.251 | 182.457 | -12.793 | -6,6 | 2,1 | 1,8 |
| 35 Cultura | 220.087 | 209.215 | -10.872 | -4,9 | 2,4 | 2,1 |
| 36 Outros servizos comunit. e sociais | 113.649 | 120.272 | 6.623 | 5,8 | 1,3 | 1,2 |
| 4 Produción de bens públ. de carácter económico | 658.550 | 713.210 | 54.660 | 8,3 | 7,2 | 7,2 |
| 41 Infraestruturas básicas e do transporte | 413.929 | 460.812 | 46.883 | 11,3 | 4,6 | 4,6 |
| 42 Outras infraestruturas no sector primario | 155.683 | 148.799 | -6.885 | -4,4 | 1,7 | 1,5 |
| 43 Investigación científica, técnica e aplicada | 82.994 | 97.391 | 14.397 | 17,3 | 0,9 | 1,0 |
| 44 Información estatística básica | 5.943 | 6.207 | 264 | 4,4 | 0,1 | 0,1 |
| 5 Regulación económica de carácter xeral | 164.131 | 158.691 | -5.440 | -3,3 | 1,8 | 1,6 |
| 51 Actuacións económicas xerais | 40.763 | 37.041 | -3.722 | -9,1 | 0,4 | 0,4 |
| 52 Comercio | 34.186 | 32.258 | -1.928 | -5,6 | 0,4 | 0,3 |
| 53 Actividades financeiras | 89.182 | 89.393 | 210 | 0,2 | 1,0 | 0,9 |
| 6 Reordenación industrial e desenvolv. empresarial | 473.983 | 583.830 | 109.847 | 23,2 | 5,2 | 5,9 |
| 61 Agricultura, gandería e pesca | 388.807 | 465.629 | 76.822 | 19,8 | 4,3 | 4,7 |
| 62 Industria | 13.457 | 17.372 | 3.914 | 29,1 | 0,1 | 0,2 |
| 63 Enerxía | 22.802 | 23.633 | 831 | 3,6 | 0,3 | 0,2 |
| 64 Minería | 4.400 | 4.650 | 250 | 7,0 | 0,0 | 0,0 |
| 65 Turismo | 44.517 | 72.546 | 28.029 | 63,0 | 0,5 | 0,7 |
| 7 Apoio aos sectores produtiv. e desenv. empresarial | 306.147 | 313.060 | 6.913 | 2,3 | 3,4 | 3,2 |
| 71 Apoio á creación e ampliación de empresas | 186.892 | 206.575 | 19.683 | 10,5 | 2,1 | 2,1 |
| 72 Desenvolvemento empresarial | 119.255 | 106.485 | -12.770 | -10,7 | 1,3 | 1,1 |
| 8 Transferencia a entidades locais | 754.042 | 820.283 | 66.241 | 8,8 | 8,3 | 8,3 |
| 81 Transferencias a entidades locais | 754.042 | 820.283 | 66.241 | 8,8 | 8,3 | 8,3 |
| 9 Débeda pública | 523.655 | 514.652 | -9.003 | -1,7 | 5,8 | 5,2 |
| 91 Débeda pública | 523.655 | 514.652 | -9.003 | -1,7 | 5,8 | 5,2 |
| Total | 9.090.477 | 9.911.726 | 821.249 | 9,0 | 100 | 100 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.1.5.

Regulación económica de carácter xeral e Débeda pública, experimentaron unha medra. Os máis importantes corresponderon aos da Produción de bens públicos de carácter social, cun incremento de 503,4 millóns de euros, Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial, con 109,8 millóns de euros máis, e o correspondente á Seguridade, protección e promoción social, cun aumento de 76,6 millóns de euros.

○ Análise das actuacións previstas

O 51,8% do orzamento consolidado (5.126,4 millóns de euros) corresponde a actuacións previstas a realizar a través dos investimentos reais (1.206,6 millóns de euros), as transferencias de capital (1.244,5 millóns de euros) e as transferencias correntes (2.675,4 millóns de euros). (cadro 3.1.6.)

Entre os **investimentos reais** cómpre salientar, pola súa importancia cuantitativa, o conxunto de medidas previstas para construción, conservación e explotación de estradas (317,7 millóns de euros); o investimento en atención especializada (87,5 millóns de euros); as actuacións de promoción, administración, axudas de rehabilitación e acceso a vivendas (83,5 millóns de euros); as actuacións de protección e mellora de medio ambiente (67,0 millóns de euros); os investimentos en ensinanza secundaria (60,4 millóns de euros); ou as actuacións de desenvolvemento rural (56,7 millóns de euros). Estas seis funcións significan o 55,8% do capítulo VI (investimentos reais) do presuposto consolidado.

**Transferencias correntes, investimentos reais e transferencias de capital da C.A. 2006:
distribución orgánica**

| | Cap. IV | Cap. VI | Cap. VII |
|---|--------------------|--------------------|--------------------|
| | (en miles de €) | | |
| Administración Xeral | 4.677.666,0 | 965.009,4 | 1.249.797,9 |
| Parlamento | 2.442,0 | 1.137,0 | 34,1 |
| Consello de Contas | 2,7 | 827,9 | - |
| Consello da Cultura Galega | 150,0 | 388,7 | - |
| Presidencia da Xunta | 17.842,9 | 31.388,9 | 18.423,1 |
| Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar | 110.345,4 | 25.671,6 | 17.035,8 |
| Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza | 22.343,1 | 30.854,7 | 23.782,0 |
| Economía e Facenda | 22.707,1 | 6.830,7 | 101.091,9 |
| Política Territorial, Obras Públicas e Transportes | 7.111,6 | 354.512,6 | 64.609,3 |
| Educación e Ordenación Universitaria | 517.026,5 | 112.750,0 | 29.627,2 |
| Innovación e Industria | 49.597,2 | 30.104,9 | 204.996,0 |
| Medio Rural | 18.226,3 | 150.853,4 | 293.096,1 |
| Cultura e Deporte | 19.395,9 | 42.267,6 | 74.897,2 |
| Sanidade | 2.901.378,9 | 33.464,7 | 1.633,1 |
| Pesca e Asuntos Marítimos | 3.801,2 | 49.078,9 | 133.629,6 |
| Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible | 4.283,9 | 52.010,3 | 108.157,0 |
| Traballo | 233.745,0 | 11.143,7 | 590,1 |
| Vivenda e Solo | 13.712,3 | 6.247,1 | 81.466,6 |
| Consello Consultivo de Galicia | - | 105,5 | - |
| Transferencias a CC.LL. | 730.054,1 | - | 90.228,9 |
| Débeda pública | - | - | - |
| Gastos Diversas Consellerías | 3.500,0 | 25.371,3 | 6.500,0 |
| Organismos Autónomos | 925.535,7 | 241.566,4 | 175.553,1 |
| Serv. Galego Prom. da Igualdade do Home e da Muller | 8.432,6 | - | - |
| Escola Galega de Admón Pública | 318,6 | 895,9 | - |
| Instituto Galego de Estatística | 82,2 | 1.803,9 | - |
| Tribunal Galego de Def. da Competencia | 30,0 | 90,0 | - |
| Instituto Galego de Consumo | 478,0 | 1.303,3 | 310,0 |
| Servicio Galego de Saúde | 915.741,7 | 132.200,2 | 1.092,8 |
| Augas de Galicia | - | 20.640,3 | 111.776,1 |
| Fondo Galego de Garantía Agraria | 190,3 | 2.498,5 | 55.774,2 |
| Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais | 191,3 | 4.865,7 | - |
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 71,1 | 77.268,6 | 6.600,0 |
| Total orzamento bruto | 5.603.201,8 | 1.206.575,8 | 1.425.351,0 |
| Total transferencias internas | 2.927.821,9 | - | 180.849,1 |
| Total | 2.675.379,9 | 1.206.575,8 | 1.244.501,9 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

○ 3.1.6.

á súa contía son as de apoio á modernización empresarial e mellora da competitividade nos sectores industrial e servizos (182,1 millóns de euros); ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria (170,8 millóns de euros); apoio á empresa industrial e de servizos (102,9 millóns); outras transferencias a corporacións locais (90,2 millóns de euros) e as de protección e mellora do medio ambiente (81,3 millóns de euros). En conxunto, estas funcións representan a metade das transferencias de capital.

No caso das **transferencias correntes** hai que destacar as correspondentes á atención primaria da saúde (783,6 millóns de euros); ás transferencias a corporacións locais por participación nos ingresos do Estado (730,1 millóns de euros); ás ensinanzas universitarias (280,0 millóns de euros); ás correspondentes ao fomento do emprego (198,1 millóns); ás transferencias para educación infantil, primaria e ESO (194,8 millóns de euros) e á atención especializada (129,1 millóns de euros). Estas actuacións significan o 86,6% das transferencias correntes.

○ orzamento das sociedades públicas: entes públicos e sociedades mercantís

O orzamento de explotación das **sociedades mercantís** incrementábase nun 44,3%, pasando de 286,4 millóns de euros en 2005 a 413,4 millóns de euros no exercicio de 2006. O orzamento de capital das ditas sociedades incrementábase nun 29,1%, pasando de 268,0 millóns de euros a 345,9 millóns de euros no último ano (**cadro 3.1.8.**).

O orzamento de explotación dos **entes públicos** incrementouse un 11,9%, dende os 379,2 millóns de euros de 2005 ata os 424,2 millóns de euros de 2006. O orzamento de capital destes entes acadou no último ano os 210,3 millóns de euros, o que supón unha medra do 4,1% respecto ao ano precedente.

| Transferencias de capital e correntes da C.A. 2006: distribución segundo clave de financiamento | | | | |
|--|----------------------------------|------|---------------------------------|------|
| | Transferencias de Capital | | Transferencias Correntes | |
| | (en miles de €) | (%) | (en miles de €) | (%) |
| Administración Xeral | 1.249.797,9 | 100 | 4.676.663,6 | 100 |
| Fondos Propios | 735.039,6 | 58,8 | 3.748.453,8 | 80,2 |
| libres | 696.711,5 | 55,7 | 3.728.386,0 | 79,7 |
| que cofinancian | 31.948,8 | 2,6 | 12.472,1 | 0,3 |
| que cofinancian non elexible | 6.379,3 | 0,5 | 7.595,6 | 0,2 |
| F.C.I. | 70.274,7 | 5,6 | - | - |
| FCI libre | 22.240,6 | 1,8 | - | - |
| FCI que cofinancia | 48.034,1 | 3,8 | - | - |
| FEDER | 99.164,7 | 7,9 | 34,4 | 0,0 |
| MARCO | 99.043,8 | 7,9 | - | - |
| Interreg | 120,9 | 0,0 | 34,4 | 0,0 |
| FEOGA | 181.231,2 | 14,5 | - | - |
| P.O.1 | 67.668,3 | 5,4 | - | - |
| Garantía | 90.407,7 | 7,2 | - | - |
| Orientación L.H. | 23.155,2 | 1,9 | - | - |
| Transferencias finalistas | 73.864,5 | 5,9 | 894.643,6 | 19,1 |
| do Estado | 15.876,6 | 1,3 | 887.047,9 | 19,0 |
| PXE que cofinancia | 44.375,5 | 3,6 | - | - |
| PXE que cofinancia non elexible | 8.850,1 | 0,7 | 7.595,6 | 0,2 |
| doutras Administracións | 1.666,7 | 0,1 | - | - |
| doutras Admóns. cofin elexible | 3.095,7 | 0,2 | - | - |
| IFOP | 90.223,1 | 7,2 | - | - |
| Programa operativo | 90.223,1 | 7,2 | - | - |
| Fondo Social Europeo | - | - | 33.531,8 | 0,7 |
| Programa Operativo | - | - | 33.531,8 | 0,7 |
| Iniciativa Equal | - | - | 1.002,4 | 0,0 |
| Organismos Autónomos | 175.553,1 | 100 | 925.535,7 | 100 |
| Fondos Propios | 72.010,1 | 41,0 | 920.540,1 | 99,5 |
| libres | 43.155,5 | 24,6 | 919.524,3 | 99,4 |
| que cofinancia elexible | - | - | 1.015,8 | 0,1 |
| FCA condicionado | 28.854,7 | 16,4 | - | - |
| FEOGA | 55.413,8 | 31,6 | - | - |
| Garantía | 55.413,8 | 31,6 | - | - |
| FEDER | 23.568,3 | 13,4 | - | - |
| Programa Operativo | 23.568,3 | 13,4 | - | - |
| Iniciativa Equal | - | - | 82,4 | 0,0 |
| Transferencias finalistas | 3.552,0 | 2,0 | 960,7 | 0,1 |
| doutras Administracións | 1.202,0 | 0,7 | - | - |
| outras transferencias finalistas | 1.750,0 | 1,0 | - | - |
| da Administración do Estado | 600,0 | 0,3 | 960,7 | 0,1 |
| Fondo Social Europeo | - | - | 3.952,6 | 0,4 |
| Programa Operativo | - | - | 3.952,6 | 0,4 |
| F.C.I. | 21.008,9 | 12,0 | - | - |
| libres | 13.535,5 | 7,7 | - | - |
| que cofinancian | 7.473,3 | 4,3 | - | - |

Fonte: Xunta, Presupostos Xerais da C.A.

3.1.7.

A débeda en Galicia (referida ao cuarto trimestre de cada ano), segundo o avance do Banco de España, ascendeu ata os 3.404 millóns de euros, un 0,7% máis que no ano anterior. Comparado co conxunto das Comunidades Autónomas, Galicia acolle o 5,9% da débeda total. O **cadro 3.1.9.** amosa que a relación entre o endebedamento e o PIB acada o en 2006 o 6,9% (catro décimas menos que no ano anterior), sendo esta porcentaxe do 5,9% no conxunto do Estado.

O endebedamento por habitante acadou os 1.228,29 euros, un 3,9% inferior á media de endebedamento por habitante do conxunto das Comunidades Autónomas. No ano anterior, este endebedamento situouse nos 1.221,67 euros por persoas, un 3,8% inferior á media estatal.

Ao longo do ano 2006 produciuse un forte incremento do endebedamento das empresas públicas. Se en 2005 a débeda acumulada ascendía a 20 millóns de euros, no último ano esta foi de 178 millóns de euros, o que representa o 0,4% do PIB galego. Segundo os datos do Banco de España, a pesar desta medra Galicia segue por baixo da ratio endebedamento/PIB rexistrada no conxunto do Estado: 0,9%. (**cadro 3.1.10.**)

Presupostos das sociedades públicas 2005-06: sociedades mercantís e entes públicos

Sociedades mercantís

| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
|---|-----------------|----------------|----------------|----------------|-------------|-------------|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | (en miles de €) | | | | (%) | |
| Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. | 4.982 | 582 | 5.197 | 556 | 4,3 | -4,5 |
| Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. | 2.185 | 36 | 2.560 | 40 | 17,2 | 11,1 |
| SODIGA, S.C.R. | 2.104 | 1.095 | 2.119 | 1.321 | 0,7 | 20,6 |
| Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. | 3.683 | 93.511 | 3.710 | 74.636 | 0,7 | -20,2 |
| Xes Galicia, S.A. | 1.574 | 203 | 1.398 | 88 | -11,2 | -56,7 |
| Autoestrada Alto de Santo Domingo - Ourense | 2.451 | 62.036 | 70.094 | 97.040 | 2759,8 | 56,4 |
| S.A. de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia | 2.117 | 237 | 1.750 | 476 | -17,3 | 100,8 |
| Galicia Calidade, S.A. | 758 | 834 | 765 | 825 | 0,9 | -1,1 |
| Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. | 6.858 | 15.591 | 6.902 | 15.689 | 0,6 | 0,6 |
| S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia | 5.984 | 2.280 | 6.390 | 1.600 | 6,8 | -29,8 |
| Xenética Fontao, S.A. | 2.260 | 390 | 2.295 | 385 | 1,5 | -1,3 |
| S.A. de Xestión do Plan Xacobeo | 27.622 | 7.688 | 25.252 | 3.120 | -8,6 | -59,4 |
| Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. | 24.668 | 9.295 | 27.888 | 4.326 | 13,1 | -53,5 |
| Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. | 75.801 | 15.175 | 84.412 | 21.669 | 11,4 | 42,8 |
| Xestión Urbanística de A Coruña, S.A. | 26.090 | 3.238 | 24.783 | 16.193 | -5,0 | 400,1 |
| Xestión Urbanística de Lugo, S.A. | 41.687 | 34.427 | 49.827 | 35.861 | 19,5 | 4,2 |
| Xestión Urbanística de Ourense, S.A. | 32.992 | 16.474 | 44.993 | 21.915 | 36,4 | 33,0 |
| Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. | 22.554 | 4.909 | 53.038 | 50.193 | 135,2 | 922,5 |
| Total | 286.370 | 268.001 | 413.373 | 345.933 | 44,3 | 29,1 |

Entes públicos

| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
|---|-----------------|----------------|------------------|----------------|-------------|------------|
| | Explotación | Capital | Explotación | Capital | Explotación | Capital |
| | (en miles de €) | | | | (%) | |
| Compañía de Radiotelevisión de Galicia e Sociedades Consello Económico e Social | 114.346 | 15.118 | 123.281 | 15.982 | 7,8 | 5,7 |
| Instituto Galego de Promoción Económica CIXTEC | 1.033 | 42 | 1.094 | 42 | 5,9 | 0,0 |
| Portos de Galicia | 101.123 | 8.973 | 114.797 | 5.436 | 13,5 | -39,4 |
| Instituto Enerxético de Galicia | 12.014 | 5.333 | 14.344 | 5.546 | 19,4 | 4,0 |
| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 18.937 | 29.950 | 20.527 | 30.974 | 8,4 | 3,4 |
| Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia | 2.440 | 1.560 | 2.430 | 1.600 | -0,4 | 2,6 |
| Fundación Pública Hospital de Verín | 14.842 | 37 | 20.023 | 41 | 34,9 | 10,8 |
| Instituto Galego de Oftalmoloxía | 1.114 | 57.800 | 1.240 | 48.000 | 11,3 | -17,0 |
| Fundación Pública Hospital de Ourense | 9.871 | 162 | 11.385 | 130 | 15,3 | -19,8 |
| Instituto Galego de Oftalmoloxía | 2.038 | 225 | 2.039 | 210 | 0,0 | -6,7 |
| Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira | 11.733 | 175 | 13.315 | 112 | 13,5 | -36,0 |
| Fundación Pública Hospital da Barbanza | 14.163 | 143 | 15.911 | 149 | 12,3 | 4,2 |
| F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria | 3.505 | 450 | 3.300 | 430 | -5,8 | -4,4 |
| Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde | 2.063 | 29 | 329 | 10 | -84,1 | -65,5 |
| Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061 | 29.147 | 288 | 34.110 | 251 | 17,0 | -12,8 |
| Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés | 14.485 | 133 | 16.429 | 134 | 13,4 | 0,8 |
| Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia | 22.327 | 890 | 23.261 | 550 | 4,2 | -38,2 |
| Fundación Pública de Medicina Xenómica | 512 | 21 | 870 | 19 | 69,9 | -9,5 |
| Instituto Técnico de Control do Medio Mariño | - | - | 1.938 | 4.530 | - | - |
| Obras e Servizos Hidráulicos | 3.475 | 80.605 | 3.574 | 96.146 | 2,8 | 19,3 |
| Total | 379.168 | 201.934 | # 424.197 | 210.292 | 11,9 | 4,1 |

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.1.8.

Débeda das CC.AA. 2005-06 (1): valores absolutos e ratios débeda / habitante e débeda / PIB

| | 2005 | | | 2006 | | |
|--------------------|-------------------|-----------------|------------|-------------------|-----------------|------------|
| | Débeda acumulada | End/hab | End/PIB | Débeda acumulada | End/hab | End/PIB |
| | (2) | (2) | (%) | (2) | (2) | (%) |
| | (en millóns de €) | | | (en millóns de €) | | |
| Andalucía | 7.352 | 921,80 | 5,9 | 7.311 | 909,40 | 5,4 |
| Aragón | 1.153 | 902,56 | 4,1 | 1.163 | 897,92 | 3,9 |
| Asturias | 803 | 745,66 | 4,1 | 729 | 678,37 | 3,5 |
| Baleares | 1.589 | 1.587,31 | 7,0 | 1.635 | 1.588,71 | 6,7 |
| Canarias | 1.430 | 716,49 | 3,9 | 1.563 | 773,40 | 4,0 |
| Cantabria | 411 | 723,48 | 3,6 | 398 | 695,19 | 3,3 |
| Castela - A Mancha | 1.351 | 699,18 | 4,4 | 1.543 | 781,20 | 4,7 |
| Castela e León | 1.789 | 709,07 | 3,7 | 1.798 | 712,03 | 3,4 |
| Cataluña | 13.792 | 1.933,09 | 8,1 | 14.043 | 1.951,18 | 7,7 |
| Extremadura | 783 | 720,75 | 5,2 | 784 | 720,11 | 4,8 |
| Galicia | 3.381 | 1.221,67 | 7,3 | 3.404 | 1.228,29 | 6,9 |
| A Rioxa | 187 | 610,36 | 2,8 | 184 | 596,31 | 2,6 |
| Madrid | 10.099 | 1.680,87 | 6,3 | 10.073 | 1.661,75 | 5,8 |
| Murcia | 691 | 504,27 | 3,0 | 686 | 493,12 | 2,8 |
| Navarra | 646 | 1.073,31 | 4,2 | 647 | 1.069,38 | 3,9 |
| País Vasco | 1.140 | 534,29 | 2,0 | 931 | 434,82 | 1,6 |
| C. Valenciana | 10.183 | 2.118,41 | 11,6 | 10.759 | 2.207,06 | 11,4 |
| Total | 56.780 | 1.269,99 | 6,3 | 57.651 | 1.277,81 | 5,9 |

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre. Inclúense as unidades que se ocupan da administración xeral da C.A., as universidades localizadas no seu ámbito e aqueles organismos e empresas dependentes da C.A. que se clasifican como Adm. Pública.

(2) a partir de datos do Padron Municipal de Habitantes correspondentes a 1 de xaneiro do ano seguinte

Fonte: Banco de España

3.1.9.

Débeda das empresas públicas de CC.AA. 2005-06 (1): valores absolutos e ratio débeda / PIB

| | 2005 | | 2006 | |
|--------------------|---------------------------------------|-------------|---------------------------------------|-------------|
| | Débeda acumulada (en millóns de €) | End/PIB (%) | Débeda acumulada (en millóns de €) | End/PIB (%) |
| Andalucía | 125 | 0,1 | 120 | 0,1 |
| Aragón | 124 | 0,4 | 88 | 0,3 |
| Asturias | 61 | 0,3 | 94 | 0,4 |
| Baleares | 44 | 0,2 | 92 | 0,4 |
| Canarias | 209 | 0,6 | 204 | 0,5 |
| Cantabria | 10 | 0,1 | 19 | 0,2 |
| Castela - A Mancha | 698 | 2,3 | 670 | 2,0 |
| Castela e León | 39 | 0,1 | 37 | 0,1 |
| Cataluña | 3.415 | 2,0 | 4.102 | 2,2 |
| Extremadura | 8 | 0,0 | 8 | 0,0 |
| Galicia | 20 | 0,0 | 178 | 0,4 |
| A Rioxa | 9 | 0,1 | 28 | 0,4 |
| Madrid | 506 | 0,3 | 956 | 0,6 |
| Navarra | 157 | 1,0 | 144 | 0,9 |
| País Vasco | 110 | 0,2 | 114 | 0,2 |
| C. Valenciana | 1.500 | 1,7 | 1.696 | 1,8 |
| Total | 7.035 | 0,8 | 8.550 | 0,9 |

(1) datos correspondentes ao 4º trimestre. As unidades que se recollen aquí como Empresas Públicas son os principais organismos non administrativos, entes e empresas non clasificadas como Comunidades Autónomas.

(2) Os datos de 2005 son unha previsión e os de 2006 un avance.

Fonte: Banco de España

○ 3.1.10.

Presupostos consolidados das Entidades locais en Galicia e España 2005: Gastos

| | Galicia | España | G/E |
|---|--------------------|---------------------|------------|
| | (en miles de €) | | (%) |
| Municipios (1) | 1.561.392,9 | 43.087.391,4 | 3,6 |
| Maiores 20.000 hab. | 958.819,7 | 28.535.577,4 | 3,4 |
| Menores 20.000 hab. | 602.573,1 | 14.551.814,1 | 4,1 |
| Corporacións provinciais e insulares (2) | 480.419,9 | 18.179.957,7 | 2,6 |
| Transferencias internas | 79.474,0 | 2.319.624,2 | 3,4 |
| Total entidades locais | 1.962.338,8 | 58.947.724,8 | 3,3 |

(1) Só entidade municipal

(2) Consolidados cos seus Organismos Autónomos

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financeiro de las Administraciones Territoriales 2005

○ 3.1.11.

Gastos municipais en Galicia e España 2005: distribución segundo número de habitantes

| | Habitantes | | | | | Total |
|----------------------------|--------------------|-------------------|--------------------|---------------------|----------------------|---------------|
| | < de 5.000 | de 5.001 a 20.000 | de 20.001 a 50.000 | de 50.001 a 100.000 | de 100.001 a 500.000 | |
| | (en € / habitante) | | | | | |
| A Coruña | 454,25 | 510,56 | 729,36 | 698,47 | 737,62 | 642,22 |
| Lugo | 652,87 | 590,52 | - | 914,58 | - | 699,84 |
| Ourense | - | - | - | - | 732,72 | 732,72 |
| Pontevedra | 583,89 | 715,11 | 527,49 | 679,21 | 641,81 | 642,32 |
| Total Galicia | 573,41 | 618,84 | 637,74 | 752,35 | 693,20 | 655,02 |
| Total España | 1.145,17 | 1.084,70 | 967,72 | 1.021,41 | 824,48 | 1.011,48 |
| Galicia /España (%) | 50,1 | 57,1 | 65,9 | 73,7 | 84,1 | 64,8 |

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe económico-financiero de las Administraciones Territoriales 2005

3.1.

○ 3.1.12.

Liquidación orzamento consolidado da Comunidade Autónoma 2005-06: distribución económica

| Ingresos | | | | | | |
|--|-------------------|---------------|----------------|-------------|-------------|--------------|
| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en millóns de €) | | (%) | | (%) | |
| I Impostos directos | 1.128 | 1.241 | 11,8 | 12,2 | 113 | 10,0 |
| II Imposto indirectos | 2.336 | 2.536 | 24,5 | 24,9 | 200 | 8,6 |
| III Taxas, prezos e outros ingresos | 241 | 244 | 2,5 | 2,4 | 3 | 1,2 |
| IV Transferencias correntes | 4.400 | 4.887 | 46,2 | 48,0 | 487 | 11,1 |
| V Ingresos patrimoniais | 14 | 30 | 0,1 | 0,3 | 16 | 114,3 |
| Total operación correntes | 8.119 | 8.938 | 85,2 | 87,7 | 819 | 10,1 |
| VI Alieamento de investimentos reais | 53 | 63 | 0,6 | 0,6 | 10 | 18,9 |
| VII Transferencias de capital | 840 | 782 | 8,8 | 7,7 | -58 | -6,9 |
| Total operacións non financeiras de capital | 893 | 845 | 9,4 | 8,3 | -48 | -5,4 |
| Total Ingresos non financeiros | 9.012 | 9.783 | 94,5 | 96,0 | 771 | 8,6 |
| VIII Activos financeiros | 19 | 18 | 0,2 | 0,2 | -1 | -5,3 |
| IX Pasivos financeiros | 503 | 388 | 5,3 | 3,8 | -115 | -22,9 |
| Total Ingresos Financeiros | 522 | 406 | 5,5 | 4,0 | -116 | -22,2 |
| Total Operacións de Capital | 1.415 | 1.251 | 14,8 | 12,3 | -164 | -11,6 |
| Total | 9.534 | 10.189 | 100 | 100 | 655 | 6,9 |

| Gastos | | | | | | |
|--|-------------------|---------------|----------------|-------------|------------|-------------|
| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
| | importe | | valor relativo | | importe | |
| | (en millóns de €) | | (%) | | (%) | |
| I Gastos de persoal | 2.762 | 3.004 | 29,0 | 29,3 | 242 | 8,8 |
| II Gastos en bens correntes e servizos | 1.203 | 1.214 | 12,7 | 11,8 | 11 | 0,9 |
| III Gastos financeiros | 120 | 137 | 1,3 | 1,3 | 17 | 14,2 |
| IV Transferencias correntes | 2.729 | 3.039 | 28,7 | 29,6 | 310 | 11,4 |
| V Fondo de continxencia | - | - | - | - | 0 | 0,0 |
| Total operación correntes | 6.814 | 7.394 | 71,7 | 72,1 | 580 | 8,5 |
| VI Investimentos reais | 1.096 | 1.130 | 11,5 | 11,0 | 34 | 3,1 |
| VII Transferencias de capital | 1.088 | 1.170 | 11,4 | 11,4 | 82 | 7,5 |
| Total operacións non financeiras de capital | 2.184 | 2.300 | 23,0 | 22,4 | 116 | 5,3 |
| Total Gastos non Financeiros | 8.998 | 9.694 | 94,6 | 94,5 | 696 | 7,7 |
| VIII Activos financeiros | 121 | 184 | 1,3 | 1,8 | 63 | 52,1 |
| IX Pasivos financeiros | 390 | 378 | 4,1 | 3,7 | -12 | -3,1 |
| Total operacións financeiras de capital | 511 | 562 | 5,4 | 5,5 | 51 | 10,0 |
| Total Gastos Financeiros | 511 | 562 | 5,4 | 5,5 | 51 | 10,0 |
| Total Operacións de Capital | 2.695 | 2.862 | 28,3 | 27,9 | 167 | 6,2 |
| Total | 9.509 | 10.256 | 100 | 100 | 747 | 7,9 |

Fonte: Xunta de Galicia

○ 3.1.13.

Orzamento dos entes locais territoriais

Os gastos totais dos entes locais territoriais para o ano 2005 (último ano dispoñible) acadaron en Galicia os 1.962,3 millóns de euros, o que representa o 3,3% dos gastos totais no conxunto do Estado. Tal como se reflicte no **cadro 3.1.11.** os gastos das entidades municipais ascenderon en Galicia a 1.561,4 millóns de euros (o 3,6% do gasto en España), dos que o 61,4% (958,8 millóns de euros) corresponden aos concellos maiores de 20.000 habitantes e o 38,6% restante (602,6 millóns de euros) aos concellos cunha poboación inferior a 20.000 habitantes. No conxunto do Estado estas porcentaxes son do 66,2% e 33,8%, respectivamente.

Os gastos das corporacións provinciais ascenderon a 480,4 millóns de euros, o que representa o 2,6% destes gastos en España.

Como se reflicte nos **cadros 3.1.12.**, no ano 2005 o gasto municipal por habitante en Galicia foi de 655,02 euros (1.011,48 euros por habitante no conxunto do Estado). Mentres que este gasto municipal galego representa o 64,8% do gasto en España, o investimento público real dos

| Execución de operacións de capital 2006 | |
|--|--------------------------|
| | 2006 |
| | <i>(en millóns de €)</i> |
| Investimentos reais (Consolidado) <i>(% execución sobre crédito final)</i> | 1.130 |
| Transferencias de capital (Consolidado) <i>(% execución sobre crédito final)</i> | 1.170 |
| Activos financeiros (Consolidado) <i>(% execución sobre crédito final)</i> | 184 |
| Total Capítulos VI+VII+VIII (Consolidado) | 2.484 |

Fonte: Xunta de Galicia

○ 3.1.14.

entes locais (presupostos iniciais) representa o 56,3% do investimento no conxunto do Estado (171,91 euros por habitante en Galicia fronte aos 305,54 euros por habitante de media en España).

Liquidación do exercicio orzamentario 2006

O crecemento da actividade económica sete décimas por riba das estimacións reflectidas nos orzamentos de 2006 (o crecemento estimado foi do 3,4%), provocou un incremento dos ingresos orzamentarios. Os ingresos non financeiros medran un 4.1% respecto aos presuposto inicial e un 8,5% respecto ao do ano 2005, acadando os 9,782 millóns de euros.

No último exercicio produciuse un incremento do aforro corrente que mellora nun 1,4% o aforro previsto inicialmente e un 5,2% despois do axuste por gasto desprazado. Os 1.600 millóns de euros de aforro corrente tralo axuste mellorou nun 4,4% a cifra do exercicio de 2005.

Cómpre salientar a redución do peso da débeda sobre o PIB, que pasa do 7,7% a un de xaneiro de 2005 ao 6,9% ao final do ano 2006. Ao mesmo tempo, diminúe o endebedamento previsto para o financiamento do gasto do exercicio de 147 a 23 millóns de euros a 31 de decembro de 2006.

Os datos da liquidación do exercicio 2006 indican que o último ano pechouse cun superávit non financeiro consolidado de 86,8 millóns de euros.

Os investimento total medrou un 5,3% en relación ao ano anterior, situándose nos 2.300 millóns de euros, dos que 1.170 millóns corresponden ás transferencias de capital e 1.170 millóns de euros aos investimentos reais. Se se consideran os investimentos en activos financeiros e capitalización de empresas, os investimentos totais foron 2.484 millóns, un 7,7% superior ao do ano anterior.

Finalmente cómpre indicar que o grao de execución dos gastos foi do 92,5% do total do orzamento consolidado, e o dos investimentos reais, do 80%. (**cadro 3.1.14.**)

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación líquida total en Galicia medrou en 2006 un 14,5% respecto ao ano anterior, acadando os 5.714,1 millóns de euros Tendo en conta que a recadación líquida no conxunto do Estado medrou un 11,6% en relación ao ano precedente, o seu peso relativo descende lixeiramente para situarse no 3,2%.

En termos absolutos, o **cadro 3.1.15.** indica que a recadación do IRPF acadou os 2.281,5 millóns de euros, fronte aos 1.761,0 millóns de euros do IVE ou os 1.445,9 millóns no caso do imposto de sociedades. Comparado co ano anterior, cómpre salientar o crecemento da recadación experimentada polo IRPF, con 297,2 millóns de euros máis (15% máis que en 2005), polo imposto de sociedades, con 231,4 millóns de euros máis (19,1%) e mailo IVE, con 179,2 millóns

Recadación tributaria aplicada en Galicia e España 2005-06

| | 2005 | | 2006 | | 06/05 | |
|---|-------------------|----------------|----------------|------------------|-------------|-------------|
| | Galicia | España | Galicia | España | Galicia | España |
| | (en millóns de €) | | | | (%) | |
| Capítulo I - Impostos directos | 3.231,5 | 86.998,2 | 3.770,0 | 99.768,8 | 16,7 | 14,7 |
| Imposto s/ a renda das persoas físicas | 1.984,3 | 53.260,4 | 2.281,5 | 61.129,2 | 15,0 | 14,8 |
| Impostos sobre sociedades | 1.214,5 | 32.334,5 | 1.445,9 | 37.067,9 | 19,1 | 14,6 |
| Imposto sobre a renda de non residentes | 28,9 | 1.340,4 | 40,4 | 1.494,7 | 39,7 | 11,5 |
| Imposto sobre o patrimonio | 1,1 | 37,8 | 1,0 | 40,9 | -4,2 | |
| Resto Capítulo I | 2,6 | 25,1 | 1,2 | 36,0 | -55,5 | 43,4 |
| Capítulo II - Impostos indirectos | 1.730,7 | 70.703,6 | 1.910,5 | 76.259,1 | 10,4 | 7,9 |
| Imposto sobre o valor engadido | 1.581,8 | 49.868,7 | 1.761,0 | 54.649,9 | 11,3 | 9,6 |
| Impostos especiais | 63,2 | 18.022,2 | 51,4 | 18.602,3 | -18,6 | 3,2 |
| Imposto s/ primas de seguros | 1,2 | 1.314,0 | 1,4 | 1.387,1 | 16,4 | |
| Tráfico exterior | 84,5 | 1.458,5 | 96,7 | 1.595,4 | 14,5 | |
| Resto Capítulo II | 0,0 | 13,2 | 0,0 | 16,6 | 302,0 | 25,8 |
| Capítulo III - Taxas e outros ingresos | 28,4 | 646,3 | 33,6 | 743,0 | 18,0 | 15,0 |
| Taxas de xogo | 0,1 | - | 0,0 | - | -60,8 | |
| Outras taxas | 1,5 | - | 1,9 | - | 26,9 | |
| Recargo de apremio e outros | 11,6 | - | 13,8 | - | 19,0 | |
| Xuros de demora | 6,6 | - | 7,0 | - | 6,0 | |
| Sancións tributarias | 8,7 | - | 10,9 | - | 24,8 | |
| Total | 4.990,6 | 158.348 | 5.714,1 | 176.770,8 | 14,5 | 11,6 |

Fonte: *Agencia Tributaria*

○ 3.1.15.

Atendendo á recadación das distintas delegacións da axencia tributaria en Galicia, cómpre salientar que A Coruña é a que presenta a maior recadación, con 3.299,5 millóns de euros, 414,7 máis que no ano precedente (14,4%). As cinco delegacións galegas presentan unha medra da súa recadación tributaria, salientando as de Pontevedra e Vigo, con incrementos superiores ao 15%.

